



A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2012

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia
Santiago de Compostela
2013



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. INDICADORES PRINCIPAIS	7
I.1.Fogares con ordenador	8
I.2.Fogares con Internet contratado	17
I.3.Fogares con acceso contratado a banda larga	27
I.4.Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses	35
I.5.Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	45
I.6.Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	57
I.7.eAdministración	67
II. INDICADORES COMPLEMENTARIOS	78
CONCLUSIÓN	92



INTRODUCCIÓN

Este informe ofrece os resultados dos indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos integrados na enquisa “Condicións de Vida das Familias”, que realiza o IGE. O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega), foi o responsable de realizar o seu procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos .

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (AMTEGA) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

O acordo de colaboración establece a integración dos indicadores da Sociedade da Información na Poboación de Galicia dentro da enquisa “Condicións de Vida das Familias”, que elabora anualmente o IGE. Deste xeito evítase a duplicidade de enquisas, o que supón un aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Esta cooperación permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan de enquisas que realiza o IGE. Ademais, suporá un aumento da mostra con respecto aos estudos de anos anteriores de máis de 7.000 enquisas e permite unha maior desagregación dos datos segundo áreas xeográficas, axustándose máis ás características propias do hábitat galego.

Cambio significativo na medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico relativa á “Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECV)” de 2012 está baseada na realización de 8.053 entrevistas en fogares, onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos, e 17.681 a persoas de 16 a 74 anos de idade, entre o 28 de maio e o 5 de agosto de 2012.


Diagnóstico 2012. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Esta nova edición representa tamén un **cambio significativo nas series temporais** e no estudo da evolución das TIC nos fogares, e polo tanto, presentaranse comparativas cos datos das edicións previas realizadas polo IGE (anos 2008, 2010 e 2012) debido a que:

- Son os tres estudos con maior tamaño mostral.
- Permite harmonizar datos evolutivos ao empregar nestas tres edicións a mesma metodoloxía (“Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECV) – IGE).

A enquisa aporta datos desagregados por: subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. INDICADORES PRINCIPAIS




- ➡ Ritmo de crecemento dos indicadores de Galicia superior ao estatal e europeo no período 2008-2012
- ➡ Recorte de distancias con España e Europa na dispoñibilidade de ordenador e contratación de Internet.
- ➡ A convivencia con nenos/as e xóvenes impulsa de xeito determinante o uso das TIC.

Neste primeiro capítulo analizaremos pormenorizadamente os principais indicadores relacionados co equipamento de tecnoloxías de comunicación e información dos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. Na análise dos fogares incidiremos na equipación de ordenador, o Internet contratado e o acceso a banda larga. Ademais, avaliarase a súa utilización e a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet.

I.1. Fogares con ordenador

Continúa a evolución positiva da presenza de ordenadores nos fogares galegos acadando o 67,3% no ano 2012 e experimentando un crecemento do 9,3% respecto ao ano 2010. A nivel comparativo, no período 2010-2012, o ritmo de crecemento galego é superior ao estatal e ao europeo (7,6% e 5,4%, respectivamente) .

G.1. FOGARES CON ORDENADOR



Base: total de fogares
Fonte: ECV (OSIMGA + IGE)

En termos evolutivos, se consideramos o período 2008-2012, o crecemento da dispoñibilidade de ordenadores en Galicia foi dun 29,9% mentres que o de España nese mesmo período foi dun 16,2%, recortando en máis de 5 puntos a diferenza existente en 2008 (11,8 puntos) fronte á actual (6,6 puntos).

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA


Crecemento no período 2008 - 2012



Galicia: 29.9%. España: 16.2%. UE: 14.7%

Fogares con ordenador Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008- 2010)-ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Fogares con ordenador Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A provincia ten un papel significativo na proporción de fogares con ordenador. Hai provincias claramente por riba da media, como A Coruña ou Pontevedra (un 69,3% e un 69,1% respectivamente) e outras que teñen unha porcentaxe sensiblemente inferior á media galega como Lugo e Ourense (un 61,7% e un 61,3%).

G.3. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Tamén o tamaño de hábitat parece gardar relación coa posesión ou non de ordenador nos fogares, incrementándose de xeito progresivo a medida que se eleva o número de habitantes que reside no municipio. A proporción de ordenadores acada o 75,7% nos concellos de máis de 50.000 habitantes, mentres que nos concellos de menos de 5.000 habitantes chega soamente ata o 47,8%. Resulta interesante resaltar que os concellos de máis de 10.000 habitantes sitúanse por riba da media galega.

G.4. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

En relación a área de residencia, cadran as diferenzas relevantes coas sinaladas na provincia, xa que a maior presenza de ordenadores atopámola nas áreas da Coruña e Santiago, na provincia da Coruña, e nas de Vigo e Pontevedra na provincia de Pontevedra, todas elas superando o 70%, mentres que nas provincias de Lugo e Ourense, atopamos áreas como a de Ourense Sur, cun 48,9% de fogares con ordenadores ou o 51,6% da área de Lugo Oriental.


G.5. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.6. MAPA DE FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Nas sete grandes cidades galegas a porcentaxe de fogares con ordenador supera amplamente a media galega (67,3%). O dato máis elevado corresponde ao do concello da Coruña, cun 77,7% de vivendas con ordenador.

G.7. FOGARES CON ORDENADOR NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O número de membros no fogar garda unha lóxica relación positiva co aumento do indicador, sendo máis frecuente atopar vivendas con algún ordenador a medida que aumenta o número de persoas que residen nela, salvo nos caso de fogares con máis de 5 membros, probablemente debido á presenza de persoas maiores neste tipo de fogares.

G.8. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O volume total de ingresos do fogar inflúe notablemente na porcentaxe de fogares con ordenador, e vai correlacionada directamente de xeito positivo xa que a maior nivel de ingresos no fogar, maior probabilidade de atoparnos con este equipamento, chegando a unha proporción do 93,3% de fogares con ordenador nos que teñen unha media de ingresos superior a 3.500 euros. Cabe salientar que os fogares con rendas superiores a 1.800 euros sitúanse por riba da media.

G.9. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A convivencia con nenos en idade escolar é asimesmo unha variable determinante no feito de dispoñer ou non de ordenador no fogar, existindo 26,6 puntos entre ambos os dous tipos de fogares. Así, naqueles fogares con nenos en idade escolar obrigatoria (de 3 a 16 anos) a incidencia do ordenador é dun 86,2% mentres que nos fogares sen nenos en idade obrigatoria, é do 61,6%.

G.10. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

I.2. Fogares con Internet contratado

Continúa a evolución positiva da presenza de Internet nos fogares galegos. O Internet contratado incrementouse un 20,3% desde o ano 2010, pasando dun 46,8% a un 56,3%. No período 2010-2012, o ritmo de crecemento é superior ao estatal e ao europeo (14,9% e 7,1% respectivamente)

G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO



Base: total de fogares
Fonte: ECV (OSIMGA+ IGE)

Analizando a evolución no período 2008-2012, o crecemento en Galicia foi do 53,4% mentres que en España sitúase nun 33,1%. De igual xeito que no indicador “fogares con ordenador”, o indicador de Internet contratada vai crecendo paulatinamente recortando as diferenzas existentes no ano 2008 entre Galicia e a Unión Europea (23,3 puntos porcentuais), ou entre Galicia e España (14,3 puntos porcentuais). Agora a diferenza entre Galicia e a Unión Europea é de 18,7 puntos porcentuais, e a de Galicia con respecto a España é de 11,6 puntos porcentuais.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA


Crecemento no período 2008 - 2012



Galicia: 53,4%. España: 33,1%. UE: 25%

Fogares con internet contratado Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008- 2010)-ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Fogares con internet contratado Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Outra vez, a provincia da Coruña sitúase por riba da media galega, cun 60,6% de fogares que ten contratado Internet. As demais provincias sitúanse por baixo da cifra media, especialmente os fogares de Ourense, onde a presenza de Internet descende ata o 48,2% dos fogares.

G.13. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Repítese o mesmo patrón que no ordenador con respecto á variable de tamaño de hábitat, xa que se sitúan por riba da media os concellos de máis de 10.000 habitantes.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


A visión da presenza de Internet nos fogares galegos por áreas amosa a mesma indicación que daba o cruce por provincia ou tamaño de hábitat, xa que a Área de Santiago (68,8%) a Área da Coruña (67,5%) ou a Área de Vigo (62,1%), teñen as máximas porcentaxes respecto ao indicador de Internet contratado. Podemos ver esa distribución na seguinte gráfica e no mapa onde amosamos a ubicación xeográfica das mesmas.

G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



G.16. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Analizando pormenorizadamente os concellos principais de Galicia, o concello da Coruña obtén de novo a maior porcentaxe, neste caso respecto a proporción de fogares con Internet contratado. Os demais concellos situáanse de novo por riba da media galega do 56,3%.

G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Do mesmo xeito que sucedía coa presenza de ordenadores no fogar, a variable número de membros inflúe positivamente salvo cando a cifra supera as 5 persoas residindo na vivenda, acadándose a porcentaxe máis elevada nos fogares de 4 membros (75,7%).

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Outra variable explicativa, sen dúbida, é o volume total de ingresos do fogar, a máis ingresos maior probabilidade de posuír Internet contratado (un 85,4% nos fogares de máis de 3.500 euros).

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A presenza de nenos / as ou no fogar é outra variable que incrementa a proporción de Internet contratado, un 73,1% nos fogares con nenos de 3 a 16 anos, 21,9 puntos máis que a porcentaxe de fogares onde non residen nenos en idade escolar.


G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Analizando os motivos para non contratar Internet no fogar, destacan as respostas de que “non o necesitan”, “non o queren” ou “é moi caro” .

G.21. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o necesitan	38,3	51,6	50,4	48,3	45,3
Non o queren	35,4	37,6	41,0	31,9	35,3
Non lles resulta útil	18,1	23,9	29,3	18,5	20,6
Non o coñecen	14,5	24,5	17,5	12,9	15,8
Teñen poucos coñecementos para usalo	25,9	31,2	39,7	17,2	25,6
Son moi caros	35,9	30,1	40,1	31,6	34,2
Téñeno noutro lugar	13,0	12,5	14,8	13,7	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	5,3	14,4	6,1	3,2	6,0

Base: fogares sen conexión a Internet
 Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O volume de ingresos no fogar inflúe de xeito claro nos motivos para non ter Internet contratado no fogar, xa que a consideración de que “é moi caro” aumenta a medida que diminúen os ingresos. Aínda que nos fogares con rendas altas acádanse porcentaxes elevadas respecto á falta de necesidade de contratar Internet, cabe salientar que se compensa polo feito de que manifestan dispoñer de acceso á Rede noutro lugar.

C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o necesitan	38,8	46,8	47,0	46,2	42,2	39,8	45,3
Non o queren	29,1	37,5	35,6	37,3	31,8	30,9	35,3
Non lles resulta útil	18,7	22,2	22,6	19,4	17,7	8,8	20,6
Non o coñecen	14,7	20,6	16,4	11,9	10,3	8,3	15,8
Teñen poucos coñecementos para usalo	26,8	31,2	26,3	22,2	14,9	10,5	25,6
Son moi caros	51,1	38,0	31,9	27,7	26,5	21,7	34,2
Téñeno noutro lugar	9,2	9,5	11,3	17,1	25,4	36,1	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	5,5	4,1	5,1	6,6	12,4	15,6	6,0

Base: fogares sen conexión a Internet
 Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

A presenza de nenos no fogar fai diminuír considerablemente a percepción da falta de necesidade ou de utilidade de Internet. O principal motivo para que nestes fogares non contraten acceso á Rede é que é moi caro.

C.3. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

MOTIVACIÓNS	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o necesitan	31,1	47,7	45,3
Non o queren	18,2	38,2	35,3
Non lles resulta útil	7,6	22,8	20,6
Non o coñecen	4,0	17,8	15,8
Teñen poucos coñecementos para usalo	6,3	28,9	25,6
Son moi caros	57,6	30,3	34,2
Ténono noutro lugar	22,8	11,9	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	6,2	5,9	6,0

Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

I.3. Fogares con acceso contratado a banda larga

Un 53,1% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga. O acceso contratado a banda larga incrementouse un 14,2% no período 2010-2012, pasando dun 46,5% a un 53,1%.


G.22 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA



Base: total de fogares
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Tomando como base os datos do ano 2008, a comparativa entre Galicia e España indica que o ritmo de crecemento de acceso contratado a banda larga da nosa Comunidade foi superior ao rexistrado pola media estatal. O crecemento porcentual de Galicia no intervalo 2008-2012 foi dun 67% mentres que en España no mesmo período é de 49,6%.


G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Diagnóstico 2012. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia


Fogares con acceso contratado a Banda larga Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fogares con acceso contratado a Banda larga Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


Nota: Non existen datos de conexión de banda larga con fonte IGE correspondentes aos anos 2008 e 2010 e empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Fonte : OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Outra vez a provincia da Coruña destaca por obter a máxima porcentaxe nun indicador de novas tecnoloxías da comunicación e información. Ourense volve a atoparse de novo por baixo das demais provincias cun 42,6%.

G.24 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O tipo de hábitat inflúe de xeito determinante na contratación de banda larga nos fogares, medrando a medida que o fai o número de habitantes dos concellos, ata acadar un 64,4% nos concellos de máis de 50.000 habitantes.

G.25. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

As áreas con maior presenza de banda larga son as de Santiago (67,1%) e A Coruña (64,3%), mentres que as que acadan menor porcentaxe de banda larga sitúanse na área de Ourense sur (23,3%) e a Área da Costa da Morte (32,1%).


G.26. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.27. MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O concello da Coruña volve a destacar como o de maior porcentaxe neste indicador cunha porcentaxe do 70,3%, 17,2 puntos porcentuais por riba da media galega, aínda que os 7 concellos con maior poboación superan amplamente o valor medio da Comunidade Galega.

G.28. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O tamaño do fogar garda de novo una evidente relación co indicador, de xeito que o número elevado de persoas residindo nunha mesma vivenda supón unha maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de banda larga.

G.29. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A xa comentada incidencia dos ingresos tamén se percibe na contratación de banda larga, hai unha maior conexión de alta velocidade nos fogares que teñen maior nivel de ingresos e por tanto maiores probabilidades de contratar máis servizos.

G.30. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Ter nenos/as no fogar inflúe positivamente na contratación da conexión e incrementa a banda larga cando residen no fogar nenos/as de 3 a 16 anos, existindo 20,1 puntos de diferenza con respecto ao outro tipo de fogar.

G.31. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

I.4. Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

Seis de cada dez persoas utilizaron o ordenador nos tres últimos meses, incrementándose un 3,5% desde o ano 2010. No período 2008-2010, a media galega e estatal experimentaron un ritmo de crecemento similar (arredor do 18%).


G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES



Base: total de persoas
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Comparando os datos de Galicia con respecto a España ou a Unión Europea, vemos que o valor do indicador para Galicia está a máis de 10 puntos porcentuais. En termos evolutivos o crecemento de Galicia do ano 2008 ata o 2012 foi dun 18,9%, o crecemento para España é inferior no mesmo tempo, cun 18,4%.


G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Diagnóstico 2012. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses Evolución Galicia


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008) - INE (2010) - ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota: Non existen datos de uso de ordenador con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Analizando os datos galegos en termos de sexo e idade, observamos que a fenda dixital de xénero é de 4,2 puntos e que o nivel de uso do ordenador aumenta canto máis xoven é o usuario.

G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.35. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Tamén o nivel de estudos garda unha relación evidente co uso do ordenador nos últimos tres meses, xa que a maior formación hai un incremento claro de persoas que o empregaron, acadándose un 94% de persoas con estudos superiores que usaron ordenadores nos últimos tres meses. Por outra banda, os estudantes e, en menor medida, os ocupados e os parados, son os usuarios do ordenador máis activos.

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

As provincias da Coruña (62,2%) e de Pontevedra (60,2%) son as que se sitúan por riba da media no uso do ordenador nos últimos tres meses, comparativamente ao resto das provincias.

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

En relación ao tipo de hábitat de residencia, hai un evidente incremento de uso dos ordenadores nos últimos tres meses a medida que o fai o número de habitantes dos concellos, de xeito que atopamos un uso do ordenador nos últimos tres meses dun 70,4% en concellos de máis de 50.000 habitantes.

G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

As áreas de Santiago (71,9%) e da Coruña (69,5%) son as que contan con maior proporción de usuarios de ordenador nos últimos tres meses. En contraposición, as áreas do Carballiño-O Ribeiro (40,7%) ou Ourense Sur (40,9%) están moi por baixo da media da Comunidade. No mapa seguinte amosamos como se distribúe este indicador a nivel xeográfico.


G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.41. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Analizando os 7 concellos con maior poboación, destacan Santiago (74,5%) e A Coruña (73,8%) como os de maior porcentaxe de usuarios de ordenador nos derradeiros tres meses.

G.42. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Atopamos de novo que o número de membros do fogar incide no indicador, existindo un maior uso de ordenadores nos últimos meses nos fogares que teñen catro membros (69,9%) e unha tendencia, polo tanto, que amosa que a maior número de membros no fogar, maior uso de equipos relacionados coas novas tecnoloxías.

G.43. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O volume de ingresos no fogar é unha variable explicativa moi significativa de xeito que dispoñer de máis recursos tradúcese nun incremento do número de usuarios de ordenador.

G.44. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

De novo, a convivencia con nenos en idade escolar obrigatoria incide positivamente, con 17,4 puntos de diferenza con respecto aos fogares onde non residen nenos/as.

G.45. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

I.5. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Un 57,4% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, experimentando un crecemento do 7,1% no período 2010-2012.


G.46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES



Base: total de persoas
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)


Considerando o período 2008-2012, o uso de Internet segue a mesma liña positiva de evolución que o uso de ordenadores, cun incremento relativo do 27,8%, superando o ritmo de crecemento estatal (23,1%)

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Diagnóstico 2012. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: IGE (2008) - INE (2010) - ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota Non existen datos de uso de Internet con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A análise da idade pon de manifesto a relevancia desta variable para o uso de Internet, obtendo un amplo 92,7% de persoas xóvenes que accederon a Internet nos últimos tres meses, fronte ao 12,6% das persoas de 65 a 74 anos. Nos tramos de idade de 16 a 34 anos, o uso de Internet na poboación galega sitúase a menos de 4 puntos da media estatal. O uso da Rede diminúe significativamente a partir dos 45 anos e a diferenza coa media estatal supera os 11 puntos nos tramos de idade de 35 a 64 anos.

G. 48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE) - INE 2012

Diagnóstico 2012. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia


A nivel galego, estatal e europeo, o uso de Internet entre os xóvenes de 16 a 24 anos está amplamente estendido, acadando valores superiores ao 90%. No extremo oposto, o dato referido ás persoas de 55 a 64 anos amosa que neste sector da poboación, os valores están lonxe de acadar a media estatal e europea, existindo 14,3 e 25,6 puntos de diferenza, respectivamente no ano 2012.

Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)
Evolución Galicia
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota: Empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Persoas xóvenes que utilizaron Internet nos últimos tres meses (de 16 a 24 anos)
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre persoas de 16 a 24 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota: Empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Persoas de 55 a 64 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre persoas de 55 a 64 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A fenda dixital de xénero en Galicia no uso de Internet é de 3,9 puntos. Nos últimos anos reduciuse considerablemente a distancia no emprego de Internet entre homes e mulleres xa que no ano 2008 existían 6,5 puntos de diferenza e no ano 2010: 4,2 puntos.

G. 49. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Cabe salientar, ademais, que a fenda de xénero en Galicia é menor que a que se rexistra a nivel estatal (5,2 puntos) e similar á europea (4 puntos). A diminución da fenda dixital de xénero en Galicia débese ao maior incremento (7,8%) no uso de Internet nas mulleres no período 2010-2012 fronte ao crecemento do 6,6% entre os homes.


Diagnóstico 2012. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota: Empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
Nota: Empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Ter un nivel elevado de estudos, estar estudando ou ser un traballador/a en activo son factores positivos á hora de usar Internet.

G. 50. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G. 51. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A provincia da Coruña é a única que supera a media da Comunidade Galega cunha porcentaxe de acceso a Internet nos últimos tres meses dun 60%, sendo Ourense a que acadara a porcentaxe máis baixa (51,1%).

G. 52. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

En relación ao tipo de hábitat de residencia, o dato elévase nas grandes cidades chegando ata o 68,4% nos concellos de máis de 50.000 habitantes e redúcese ao 38,1% nos de menos de 5.000 habitantes.

G.53. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A ubicación xeográfica onde é maior o uso de Internet é, de novo, a área da Coruña (68,5%). No mapa seguinte pode verse as porcentaxes das diferentes áreas xeográficas en función do acceso á Rede.


G.54. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.55. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Os 7 concellos con maior poboación superan a media da Comunidade no uso de Internet nos últimos tres meses, especialmente A Coruña (73,3%), Santiago (71,9%) e Lugo (71,5%).

G.56. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O número de membros no fogar confirma a relevancia desta variable no uso de Internet nos últimos tres meses e a correlación entre un maior uso de Internet e os fogares constituídos por catro membros.

G. 57. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A xa comentada incidencia do volume de ingresos tamén incrementa a proporción de uso de Internet nos últimos tres meses, en fogares con máis de 3.500 euros chega a un 77,4% mentres que nos de menos de 601 euros mensuales é de 33,9%.

G. 58. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Como se pode observar na gráfica que segue, a utilización de Internet no último trimestre é máis relevante nos fogares nos que conviven nenos / as en idade escolar obrigatoria (69,2%), 15,9 puntos máis que naqueles nos que non existen nenos/as en idade escolar.

G.59. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

I.6. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

Un 20,7% da poboación galega adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet, situándose en valores similares á media estatal (22,3%) e experimentando un incremento do 43,8% no período 2010-2012.


G.60. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Neste indicador o crecemento relativo no período 2008-2012 é de novo moito máis elevado, cun 183,6% para os datos de Galicia e dun 67,7% no caso de España. Non obstante, a marxe de mellora, tanto a nivel galego como estatal, é ampla ata acadar a converxencia coa media europea.

G.61. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008) - INE (2010) - ECV 2012 (OSIMGA+IGE)
 Nota: Non existen datos de compras a través de Internet con fonte IGE correspondente ao ano 2010 e emprégase dato INE 2010 para Galicia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A tendencia a facer compras de bens ou servizos a través de Internet é lixeiramente superior entre os homes que entre as mulleres, especialmente aqueles que se sitúan nun intervalo de idade en torno aos 25 ou 34 anos. Este grupo de idade xunto co de 35 a 44 anos (30,7%) ou os máis xóvenes de 16 a 24 anos (25,5%) son os que máis compraron a través de Internet nos últimos tres meses.

G. 62. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O SEXO


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G. 63. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Ter estudos superiores ou atoparse estudando ou nunha situación laboral activa teñen influencia positiva no feito de facer compras a través da Rede no último trimestre.

G. 64. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.65. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A provincia de Pontevedra amosa ter unha predisposición maior cara á compra de bens ou servizos a través de Internet nos últimos tres meses. Destaca co seu 24,2%, mentres que Lugo sitúase 8,3 puntos por baixo.

G. 66. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Tamén o tamaño do concello garda relación coa compra a través de Internet, xa que nos concellos de máis de 50.000 habitantes acádase a maior porcentaxe (un 27,5%) e o valor do indicador increméntase de xeito progresivo a medida que aumenta o número de habitantes que residen no concello.

G.67. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Xa vimos anteriormente que destaca a provincia de Pontevedra nas compras a través de Internet. Analizando detalladamente as áreas xeográficas, compróbase que, efectivamente, as áreas de Pontevedra e Vigo, cun 28,2% e un 30,8% son os que máis compran a través da Rede.



G.68. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

**G.69. MAPA DE PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS
TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA**




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

En relación aos concellos máis poboados, de novo reitérase a predisposición que vimos en Pontevedra, coa frecuencia dun 35,8% na compra a través de Internet e tamén en Vigo cun 32,8% que os converten nos concellos galegos onde máis compras se fan a través da Rede.

G.70. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Aínda que non se observan diferenzas moi significativas nas compras a través de Internet de bens ou servizos segundo o número de membros que residan no fogar, novamente son os fogares con 3 ou 4 membros os que tamén neste indicador acadan os valores máis altos.

G. 71. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O nivel de ingresos no fogar é unha evidente variable explicativa da compra de bens ou servizos a través da rede, variando desde o 9,9% nos fogares con menos ingresos ata o 35,9% nos fogares que teñen un volumen total de ingresos mensual superior aos 3.500 euros.

G. 72. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

No caso das compras a través de Internet, a presenza de nenos en idade escolar obrigatoria non é tan determinante como no caso doutros indicadores.

G.73. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

I.7. eAdministración

Un 59,4% dos internautas galegos interactuou coas Administracións Públicas a través de Internet para a obtención dalgún tipo de información das páxinas web nos últimos tres meses, igualándose coa media estatal e superando a media europea en 8,4 puntos porcentuais. No período 2010-2012, este indicador experimentou un crecemento do 14,9%.


G.74. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES PARA OBTENIR INFORMACIÓN




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Considerando os catro últimos anos (período 2008-2012), a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para a obtención dalgún tipo de información das páxinas web nos últimos tres meses medrou un 21,2%, tanto a nivel galego como estatal, lixeiramente inferior ao incremento a nivel europeo (24,4%)

G.75. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres meses para obter información
Evolución Galicia
 (% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (IGE+OSIMGA)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres /doce meses (ano 2012) para obter información
Comparación Galicia, España e UE
 (% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres/ doce meses)




Fonte : OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: os datos estatais e europeos para o ano 2012 refírense aos últimos 12 meses debido a un cambio metodolóxico realizado nesta edición.

Outra interacción habitual coas Administración Públicas é a descarga de formularios, a segunda actividade máis realizada a través de Internet. Un 47,7% dos internautas galegos descargou impresos ou formularios relacionados con trámites das Administracións Públicas a través da Rede, superando a media estatal en 6,7 puntos porcentuais e 12,7 puntos por riba da media europea. O crecemento experimentado por este indicador no período 2010-2012 foi dun 50,5%.


G.76. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES PARA DESCARGAR FORMULARIOS




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
 Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Considerando os catro últimos anos (período 2008-2012), o incremento a nivel galego foi do 67,4% mentres que a nivel estatal foi dun 49,6%

G.77. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres meses para descargar formularios
Evolución Galicia
 (% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (IGE+OSIMGA)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres /doce meses (ano 2012) para descargar formularios
Comparación Galicia, España e UE
 (% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres/doce meses)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: os datos estatais e europeos para o ano 2012 refírense aos últimos 12 meses debido a un cambio metodolóxico realizado nesta edición.


O terceiro indicador de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet referido ao envío de formularios cumprimentados segue a mesma tendencia alcista dos anteriores, acadando un 40,7%, duplicando o dato rexistrado en 2010 (20,3%) e superando tamén a media estatal (32,2%) en 8,5 puntos e en 12,7 puntos á media europea (28%).

G.78. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES PARA ENVIAR FORMULARIOS CUMPRIMENTADOS




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

G.79. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres meses para enviar formularios cumprimentados
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (IGE+OSIMGA)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres meses/doce meses (ano 2012) para enviar formularios cumprimentados
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres/doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: os datos estatais e europeos para o ano 2012 refírense aos últimos 12 meses debido a un cambio metodolóxico realizado nesta edición.

No que se refire á ubicación xeográfica dos internautas que interactúan coas AAPP a través de Internet, a provincia de Pontevedra destaca nos tres tipos de relacións establecidas coas AAPP a través da Rede. No extremo oposto, sitúanse os internautas da provincia de Lugo.

C.4. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Para obter información	60,0	45,8	55,9	64,3	59,4
Para descargar formularios oficiais	47,2	35,7	46,7	52,4	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	38,5	30,1	41,5	46,7	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O tamaño do concello onde residen os internautas tamén garda unha relación directa co feito de que a medida que se incrementa o tamaño poboacional, tamén o fai a proporción de persoas que interactúa coas Administracións Públicas a través de Internet, coa excepción dos concellos de 20.000 a 50.000 habitantes.

C.5. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Para obter información	50,0	51,3	60,3	55,4	65,4	59,4
Para descargar formularios oficiais	39,7	40,4	46,0	41,9	54,6	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	34,9	36,1	40,6	34,0	46,0	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Tendo en conta de novo a ubicación xeográfica, máis concretamente as áreas onde se ubican os internautas, destacan en termos comparativos os individuos que fixeron trámites coas administracións públicas da área de Coruña suroriental, Santiago, Lugo oriental, Ourense central e as áreas de Pontevedra e Vigo.

C.6. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO AS ÁREAS DA PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	ÁREAS DE A CORUÑA (%)						Total (%)
	A Coruña Suroriental	Ferrol-Eume-Ortegal	Área da Costa da Morte	A Barbanza-Noia	Área da Coruña	Área de Santiago	
Para obter información	68,0	57,7	57,3	53,6	59,2	65,6	59,4
Para descargar formularios oficiais	57,5	40,0	40,3	37,8	47,4	57,6	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	45,3	34,3	33,5	35,6	36,9	47,6	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

C.7. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO AS ÁREAS DA PROVINCIA DE LUGO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	ÁREAS DE LUGO (%)				Total (%)
	Lugo Sur	Lugo Oriental	Lugo Central	A Mariña	
Para obter información	44,8	63,9	44,3	42,2	59,4
Para descargar formularios oficiais	36,8	50,0	35,4	29,6	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	38,5	44,0	28,0	24,6	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

C.8. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO AS ÁREAS DA PROVINCIA DE OURENSE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	ÁREAS DE OURENSE (%)				Total (%)
	O Carballiño-O Ribeiro	Ourense Central	Ourense Sur	Área de Ourense	
Para obter información	55,7	63,0	50,2	56,0	59,4
Para descargar formularios oficiais	41,7	51,2	44,2	47,5	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	29,6	47,7	39,8	43,3	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

C.9. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO AS ÁREAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	ÁREAS DE PONTEVEDRA (%)						Total (%)
	Pontevedra Nororiental	Pontevedra Sur	Caldas- O Salnés	O Morrazo	Área de Pontevedra	Área de Vigo	
Para obter información	49,7	39,1	55,8	58,2	66,6	74,2	59,4
Para descargar formularios oficiais	36,7	32,2	44,4	40,2	54,0	62,4	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	32,0	26,9	39,2	31,8	50,6	56,2	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

En relación aos sete concellos con maior poboación, son relevantes as porcentaxes acadadas nos concellos de Vigo e Pontevedra, sobresaíndo amplamente fronte ao resto de concellos galegos.

C.10. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	7 CONCELLOS DE GALICIA (%)								Total (%)
	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Resto	
Para obter información	65,0	67,5	59,9	47,8	53,0	72,0	76,2	54,9	59,4
Para descargar formularios oficiais	52,6	50,3	55,2	39,6	43,5	64,6	63,9	42,3	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	41,0	47,5	43,2	30,5	38,1	61,6	55,7	36,6	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O número de persoas no fogar indica que nos de menor número de membros (dous ou menos) hai unha maior predisposición para realizar algún tipo de trámite coas Administracións Públicas a través de Internet. Isto rompe coa tendencia xeral de que nos fogares máis grandes se intensifica o uso das TIC.

C.11. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR (%)					Total (%)
	Fogares de 1 membro	Fogares de 2 membros	Fogares de 3 membros	Fogares de 4 membros	Fogares de 5 ou máis membros	
Para obter información	61,3	62,0	59,3	59,6	53,5	59,4
Para descargar formularios oficiais	54,6	50,2	46,5	46,8	44,2	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	46,1	42,5	40,5	39,1	38,8	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O volume de ingresos no fogar é outra variable que inflúe na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, acadando as porcentaxes máis elevadas nos fogares de maior poder adquisitivo.

C.12. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para obter información	51,7	48,4	53,9	57,6	63,6	71,4	59,4
Para descargar formularios oficiais	34,1	36,3	41,5	45,8	52,2	61,0	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	30,4	29,8	35,1	39,6	43,3	53,1	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Apenas se perciben diferenzas no feito de ter ou non nenos / as en idade escolar obrigatoria, rompendo, de novo, coa tónica xeral do resto de indicadores.

C.13. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Para obter información	59,5	59,4	59,4
Para descargar formularios oficiais	47,0	48,0	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	38,8	41,6	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O xénero demostra ser una variable significativa na interacción coas Administracións Públicas, resaltando as mulleres que fan algún tipo de trámite por riba dos homes e, de novo, en contra do comportamento observado noutro tipo de equipamento e uso das TIC.

C.14. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Home	Muller	
Para obter información	58,0	60,9	59,4
Para descargar formularios oficiais	46,6	48,7	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	39,8	41,6	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

En canto a idade, son as persoas de 25 a 44 anos as que, en maior medida, interactúan coas AAPP a través de Internet.

C.15. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO IDADE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para obter información	50,6	63,8	64,0	59,9	53,3	44,3	59,4
Para descargar formularios oficiais	39,3	51,0	51,9	48,7	42,8	34,6	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	35,4	44,0	44,0	39,6	34,8	31,5	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

No que a nivel de estudos se refire, a medida que aumenta a formación, tamén se incrementa a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

C.16. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)					Total (%)
	Sen estudos	Ed. Primaria, EXB, ESO	Ed. Secundaria	Formación Profesional	Ed. Superior	
Para obter información	9,1	32,8	51,3	59,8	76,9	59,4
Para descargar formularios oficiais	9,1	20,6	38,5	47,7	67,1	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	9,1	17,1	33,6	39,4	57,3	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

En canto á situación socio-laboral, o colectivo de ocupados posúe a maior porcentaxe de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet nos últimos tres meses, xunto coa poboación que se atopa no paro ou que é estudante.


**C.17. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES
SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL**

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Para obter información	63,1	56,6	49,9	47,8	48,0	56,6	0,0	42,5	59,4
Para descargar formularios oficiais	51,9	42,6	39,6	31,1	33,8	45,4	0,0	34,2	47,7
Para enviar formularios cumprimentados	44,1	36,3	34,5	25,3	29,3	41,2	0,0	23,0	40,7

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

II. INDICADORES COMPLEMENTARIOS



- ➡ O 73,3% dos internautas galegos conectáronse diariamente á Rede.
- ➡ A participación en chats, foros,... dos internautas galegos medrou un 29% no período 2010-2012.
- ➡ Un 43,9% dos internautas galegos empregan a banca electrónica.

Este segundo capítulo analiza indicadores complementarios procedentes da “Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. Ano 2012”, que realiza anualmente o INE.

O obxectivo é proporcionar datos adicionais para Galicia e comparativas coa media estatal relativos ás seguintes temáticas:


- Equipamento electrónico
- Frecuencia e lugares de uso de ordenador e Internet
- Servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos tres meses
- Compras a través de Internet: Frecuencia e tipoloxía dos produtos

Equipamento electrónico

O equipamento electrónico maioritario nos fogares galegos é similar ao dos fogares a nivel estatal, estando amplamente estendido a televisión, o teléfono móbil e fixo e a radio.

G.80. EQUIPAMENTO TIC

(% sobre total de fogares)



A maior volume de ingresos no fogar maior dispoñibilidade dos diferentes equipamentos, sendo especialmente destacada a progresión ascendente no caso dos diferentes tipos de ordenador, MP3/MP4 e DVD.

C.18. EQUIPAMENTO TIC SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

EQUIPAMENTO TIC	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)				Total (%)
	Menos de 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Máis de 2.700 €	
Televisión	99,3	99,2	100,0	100,0	99,6
Ordenador de sobremesa	26,2	42,0	58,3	68,2	43,2
Ordenador portátil (incluídos netbooks e tablets)	29,8	46,1	66,7	80,7	48,8
Outro tipo de ordenador (axenda electrónica ou similar, PDA. Etc)	2,3	1,5	10,1	13,3	5,0
Teléfono fixo	64,3	81,3	85,3	91,1	78,6
Teléfono móbil	87,5	96,8	99,3	100,0	94,7
Cadea musical ou equipo de alta fidelidade	33,6	52,1	69,4	83,3	53,4
Radio	73,9	82,0	88,3	92,7	81,5
MP3 ou MP4	22,4	46,9	58,9	79,4	44,6
Vídeo	29,6	50,4	53,3	61,5	44,3
DVD	47,4	73,7	85,8	89,8	68,8
Fax	2,3	3,7	6,2	9,7	5,0

Base: total de fogares

Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

O feito de que convivan no fogar un maior número de persoas, tamén é unha variable significativa que incrementa a dispoñibilidade de equipamento, se ben, nalgúns indicadores, se existen máis de 4 persoas residindo no fogar, obsérvase un punto de inflexión que reduce de novo as porcentaxes.

C.19. EQUIPAMENTO TIC SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

EQUIPAMENTO TIC	NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR (%)					Total (%)
	Fogares de 1 membro	Fogares de 2 membros	Fogares de 3 membros	Fogares de 4 membros	Fogares de 5 ou máis membros	
Televisión	97,3	99,7	100,0	100,0	100,0	99,6
Ordenador de sobremesa	17,3	33,6	47,4	59,6	61,5	43,2
Ordenador portátil (incluídos netbooks e tablets)	27,3	33,6	61,0	61,4	64,6	48,8
Outro tipo de ordenador (axenda electrónica ou similar, PDA. Etc)	1,0	2,4	7,8	7,3	5,9	5,0
Teléfono fixo	57,4	80,6	81,8	81,0	86,2	78,6
Teléfono móbil	84,1	91,6	98,9	98,8	98,6	94,7
Cadea musical ou equipo de alta fidelidade	39,1	47,2	55,7	66,2	58,2	53,4
Radio	79,9	80,2	79,6	85,8	84,3	81,5
MP3 ou MP4	26,4	30,5	52,8	61,6	54,8	44,6
Vídeo	24,3	42,0	50,6	49,5	49,2	44,3
DVD	50,3	57,6	77,8	80,1	80,0	68,8
Fax	0,7	6,1	3,8	6,4	7,0	5,0

Base: total de fogares


Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Frecuencia e lugares de uso do ordenador e Internet

O 89,6% da poboación galega que utilizou o ordenador nalgunha ocasión, fíxoo concretamente no último mes, unha porcentaxe moi semellante á media estatal, que no último mes foi dun 91%.

G.81. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DO ORDENADOR


(% sobre persoas que utilizaron o ordenador nalgunha ocasión)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Entre os usuarios do ordenador nos últimos tres meses, os galegos/as realizaron un uso máis intensivo deste equipamento que no resto de España. Preto de 3 de cada 4 galegos/as que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, fixérono cunha frecuencia diaria ou cando menos cinco días á semana.

G.82. FRECUENCIA DE USO DO ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

O lugar de uso preferido do ordenador, tanto a nivel galego como estatal, é a vivenda (88,9% en Galicia e un 91,9% en España), e a considerable distancia, o centro de traballo (45,2% a nivel Galicia e un 41,4% en España) .

G.83. LUGARES DE USO DE ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Respecto á última utilización de Internet dos internautas galegos, unha ampla maioría usárono no último mes (91,3%), porcentaxe moi semellante aos datos estatais (93%), do mesmo xeito, que ocorría co emprego do ordenador.

G.84. ÚLTIMA UTILIZACIÓN DE INTERNET

(% sobre persoas que utilizaron Internet nalgunha ocasión)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

De novo, os internautas galegos realizan un uso máis frecuente da Rede e un 73,3% dos galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, conectáronse diariamente ou cando menos cinco días á semana, superando o valor acadado polo indicador a nivel estatal.

G.85. FRECUENCIA DE ACCESO A INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

No relativo ao lugar de acceso a Internet, obsérvase a mesma tendencia que co uso de ordenador: a vivenda e o centro de traballo son os lugares máis escollidos polos internautas.

G.86. LUGARES DE ACCESO A INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos tres meses

O correo electrónico posiciónase como un dos servizos indispensables e demandados para as persoas que empregaron Internet nos últimos tres meses. Esta importancia das comunicacións queda patente na relevancia que acada tanto a nivel galego como estatal. Ademais, en liñas xerais, pode considerarse que os servizos usados polos internautas galegos, acadan valores moi semellantes aos estatais.

G.87. SERVICIOS DE INTERNET USADOS POR MOTIVOS PARTICULARES NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre total de fogares)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

A continuación, analizaranse en termos evolutivos os servizos de Internet anteriormente sinalados.

O correo electrónico é un servizo de Internet amplamente estendido, experimentando un crecemento moderado (7%) no período 2008-2012 .


G.88. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA ENVIAR OU RECIBIR CORREO ELECTRÓNICO

Persoas que utilizaron Internet para enviar ou recibir correo electrónico
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE

Persoas que utilizaron Internet para enviar ou recibir correo electrónico
Comparación Galicia e España
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: INE

Un significativo 60,5% dos internautas galegos participaron en chats, grupos de noticias ou foros de discusión en liña, situándose en valores similares á media estatal. Cabe resaltar o significativo crecemento deste indicador (29%) no período 2010-2012.

G.89. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA PARTICIPAR EN CHAT, GRUPOS DE NOTICIAS OU FOROS DE DISCUSIÓN EN LIÑA


Persoas que utilizaron Internet para participar en chats, grupos de noticias ou foros de discusión en liña
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE

Nota: non se contempla o ano 2008 porque o indicador sufriu modificacións na súa definición.

Persoas que utilizaron Internet para participar en chats, grupos de noticias ou foros de discusión en liña
Comparación Galicia e España
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: INE

Máis da metade dos internautas galegos empregou Internet para realizar reservas de turismo. Este indicador experimentou un importante descenso con respecto ao ano 2010, tanto a nivel galego como estatal. Unha hipótese que pode explicar o retroceso neste tipo de uso de Internet pode ser a actual conxuntura económica.


G.90. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA REALIZAR RESERVAS DE TURISMO

Persoas que utilizaron Internet para realizar reservas de turismo
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE

Persoas que utilizaron Internet para realizar reservas de turismo
Comparación Galicia e España
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: INE

Outro servizo de Internet que destaca, ademais do correo electrónico, é a lectura ou descarga de xornais e revistas en liña (80,9%), que supera a media estatal. Outro dato salientable é a súa evolución positiva respecto ao ano 2008, cun incremento do 61,2% nestes catro últimos anos.


G.91. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA LER OU DESCARGAR XORNAIS E REVISTAS EN LIÑA

Persoas que utilizaron Internet para ler ou descargar xornais e revistas
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE

Persoas que utilizaron Internet para ler ou descargar xornais e revistas
Comparación Galicia e España
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: INE

A banca electrónica é outro dos indicadores referidos a servizos de Internet que experimentou un maior incremento no período 2008-2012, aumentando un 46,3% e situándose en valores moi semellantes á media estatal.


G.92. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA A BANCA ELECTRÓNICA E ACTIVIDADES FINANCEIRAS

Persoas que utilizaron Internet para a banca electrónica e actividades financeiras
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos
que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: INE

Persoas que utilizaron Internet para a banca electrónica e actividades financeiras
Comparación Galicia e España
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos
que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: INE

Compras a través de Internet: Frecuencia e tipoloxía de produtos

Máis dun terzo da poboación galega que comprou nalgunha ocasión un produto ou servizo a través de Internet, fíxoo no último mes.

G.93. ÚLTIMA ACCIÓN DE COMPRA A TRAVÉS DE INTERNET

(% sobre persoas que compraron nalgunha ocasión a través de Internet)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Entre os bens e servizos que foron mercados a través de Internet, destacan os aloxamentos de vacacións, outros servizos para viaxes ou as entradas para espectáculos.

G.94. PRODUCTOS COMPRADOS A TRAVÉS DE INTERNET CON FINES PRIVADOS OU PARA O FOGAR NOS ÚLTIMOS 12 MESES

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Conclusións



O ritmo de crecemento dos indicadores en Galicia é superior ao estatal e europeo no período 2008-2012.

O 67,3% dos fogares galegos dispón de ordenador, porcentaxe que aumentou un 29,9% no período 2008 – 2012 mentres que o crecemento da media estatal e europea nese mesmo período foi dun 16,2% e dun 14,7%, respectivamente

Tamén continúa a evolución positiva relacionada coa presenza de Internet nos fogares galegos. O Internet contratado incrementouse un 53,4% desde o ano 2008, pasando dun 36,7% a un 56,3%. De novo, no período 2008-2012, o ritmo de crecemento é superior ao estatal e ao europeo, que experimentaron un incremento do 33,1% e do 25%, respectivamente

Isto tradúcese nun recorte de distancias en máis de 5 puntos con España e Europa na dispoñibilidade de ordenador e, no que se refire á contratación de Internet, redúcese en 2,7 puntos a distancia con España e en 4,6 puntos con Europa.



Bos niveis de contratación de Internet nas áreas urbanas e significativa fenda dixital entre o Eixo Atlántico e o resto da xeografía galega

O tipo de hábitat inflúe de xeito determinante na contratación de Internet nos fogares galegos, medrando na mesma proporción que o fai o número de habitantes dos concellos, ata acadar un 66,9% nos concellos de máis de 50.000 habitantes.

Analizando en detalle os sete concellos con maior poboación de Galicia, a contratación de Internet supera amplamente a media galega, acadando a porcentaxe máis elevada no concello da Coruña (72,2%), 15,9 puntos por riba da media galega.

Os condicionantes xeográficos e a dispersión poboacional da Comunidade Galega, con 199 concellos de menos de 5.000 habitantes, marcan e lastran os resultados globais de contratación de Internet xa que existen máis de 30 puntos de diferenza entre o hábitat rural (concellos de menos de 5.000 habitantes; 36%) e o hábitat urbano (concellos de máis de 50.000 habitantes: 66,9%). Analizando os motivos para non contratar Internet no fogar, destacan as respostas de que “non o necesitan”, “non o

queren” ou “é moi caro” .

Un 53,1% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga. Tomando como base os datos do ano 2008, a comparativa entre Galicia e España indica, de novo, que o ritmo de crecemento de acceso contratado a banda larga da nosa Comunidade foi superior ao rexistrado pola media estatal. O crecemento porcentual de Galicia no intervalo 2008-2012 foi dun 67% mentres que en España no mesmo período é de 49,6%.

As áreas con maior presenza de banda larga son as de Santiago (67,1%) e A Coruña (64,3%), mentres que as que acadan menor porcentaxe de banda larga sitúanse na área de Ourense sur (23,3%) e a Área da Costa da Morte (32,1%). Estes datos debuxan unha significativa fenda dixital na contratación de banda larga entre as áreas situadas arredor do Eixo Atlántico e o resto da xeografía galega.

Outra variable explicativa, sen dúbida, é o volume total de ingresos do fogar, a máis ingresos maior probabilidade de posuír banda larga contratada (un 83% nos fogares con renda superior a 3.500 euros fronte ao 19,7% nos fogares con ingresos inferiores aos 600 euros).



O uso das TIC presenta unha tendencia positiva de crecemento e as compras a través de Internet sitúanse a menos de 2 puntos da media estatal

Seis de cada dez galegos/as utilizaron o ordenador nos tres últimos meses, incrementándose un 18,9% desde o ano 2008. Considerando o período 2008-2012, o uso de Internet segue a mesma liña positiva de evolución que o uso de ordenadores, cun incremento relativo do 27,8%, superando o ritmo de crecemento estatal (23,1%) e situándose no 57,4%

Un 20,7% da poboación galega adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet, situándose en valores similares á media estatal (22,3%). Neste indicador o crecemento relativo no período 2008-2012 é de novo moito máis elevado, cun 183,6% para os datos de Galicia e dun 67,7% no caso de España. Non obstante, a marxe de mellora, tanto a nivel galego como estatal, é ampla ata acadar a converxencia coa media europea.



A convivencia con nenos/as e xóvenes e a idade son factores determinantes no uso das TIC.

En 7 de cada 10 fogares galegos onde reside un neno/a en idade escolar obrigatoria usan as TIC, superando en máis de 15 puntos as porcentaxes que se rexistran noutro tipo de fogar.

A análise da idade pon de manifesto a relevancia desta variable para o uso de Internet, obtendo un amplo 92,7% de persoas xóvenes que accederon a Internet nos últimos tres meses, fronte ao 12,6% das persoas de 65 a 74 anos. Nos tramos de idade de 16 a 34 anos, o uso de Internet na poboación galega sitúase a menos de 4 puntos da media estatal. O uso da Rede diminúe significativamente a partir dos 45 anos e a diferenza coa media estatal supera os 11 puntos nos tramos de idade de 35 a 64 anos.



Reducción da fenda dixital de xénero en 2,6 puntos no período 2008-2012

A fenda dixital de xénero en Galicia no uso de Internet é de 3,9 puntos. Nos últimos anos reduciuse considerablemente a distancia no emprego de Internet entre homes e mulleres xa que no ano 2008 existían 6,5 puntos de diferenza e no ano 2010: 4,2 puntos. Cabe salientar, ademais, que a fenda de xénero en Galicia é menor que a que se rexistra a nivel estatal (5,2 puntos) e similar á europea (4 puntos).



Galicia supera a media estatal e europea en interacción coas AAPP a través de Internet

Un 47,7% dos galegos/as descargou formularios oficiais (6,7 puntos máis que a media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea). Un 40,7% enviou formularios cumprimentados a través de Internet (8,5 puntos por riba da media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea)

